



A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F. P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 378/2015, DO 13 DE XULLO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 324/2015 do 23 de xuño aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servicio determinado", de sete persoas para desenvolver as funcións de peóns de limpeza de praias no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, ditouse a resolución de Alcaldía 340/2015 do 1 de xullo pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, a data e lugar da proba e a designación do tribunal, tal como establecían as bases. Vista a Resolución de Alcaldía nº 359/2015 do 6 de xullo da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Reunido o tribunal calificador do procedemento selectivo o día 7 de xullo de 2015, e tal e como aparece reflitado na acta que asinan os membros do tribunal e á vista da puntuación obtida, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros, decidiu propoñer ao Sr. Alcalde que proceda a adxudicar as 7 prazas de peón de limpeza de praias da anualidade 2015 a Mato Blanco José, Miñones Andrade Carlos, García Barreira Martín, Tasende Andrade Desiderio, Varela Figueiras Cristian, Castro Souto José María e Lema Lema, Mercedes.

Mediante a Resolución de Alcaldía nº 372/2015 do 9 de xullo foron adxudicadas as prazas dos 7 peóns de limpeza de praias pola orde de puntuación final obtida tal e como propoñía o tribunal calificador.

Visto que de conformidade coa cláusula 9 das bases regularoras de selección, todos os aspirantes propostos presentaron a documentación esixida en forma e prazo, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.: Nomear a Mato Blanco José, Miñones Andrade Carlos, García Barreira Martín, Tasende Andrade Desiderio, Varela Figueiras Cristian, Castro Souto José María e Lema Lema, Mercedes como persoal laboral temporal, para os postos de peón de limpeza de praias deste Concello, cunha duración de dous meses e medio dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidos nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 324/2015 do 23 de xuño.

SEGUNDO.: Os restantes aspirantes, tal e como reflicte a base 8.3 quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado/a e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección sempre que cumplan todos os requisitos das bases de selección.

TERCEIRO.: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web e dar traslado da mesma aos servizos de intervención e tesoureiría.

Mándao e asinado, Alcalde-Presidente Don José Muñoz Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o trece de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde

Asdo.: José Muñoz Domínguez.

A Secretaria e Encumbración de funcións

Asdo.: Rosa Ana Corián Fernández

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
ALCALDE
(A CORUÑA)

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
SECRETARÍA
(A CORUÑA)